




▲ * Observa neste gráfico como o ollo a través da lente cristalina, situada tras a pupila, capta a imaxe. As células que tapizan a retina no interior do globo ocular converten as variacións da luz en impulsos nerviosos que viaxan polo nervio óptico ata o cerebro. É no centro de visión da corteza cerebral onde en realidade ten lugar a representación das imaxes que podemos analizar. O fenómeno que coñecemos como **“percepción”** consiste na análise e na comprensión consciente desa información.



GEORGES BRAQUE: *Teito para a sala de Enrique II*. Museo do Louvre, París. 1949-51.



▲ * A **“sensación visual”** é captada a través do sentido da vista. A información que se recolle é, en principio, independente do resto dos sentidos e só pode ser percibida a través dos ollos.


▼ * A **“sensación táctil”** cáptase por medio do sentido do tacto. O efecto que produce a textura do obxecto ou da imaxe ten tamén unha representación visual.

TEXTURA DE ESPONXA




ANTONI TÀPIES: *Me / creu sobre gris* (Aguaforte, aguantina e collage), 1990.

▼ * A expresión gráfico-plástica utiliza de forma habitual a mestura das sensacións visuais (gráficas) e as táctiles (texturas).




* Existe unha percepción conceptual da imaxe. Cando observamos certos **símbolos** ou mensaxes icónicas, os asociamos de inmediato a conceptos aprendidos. Estas imaxes caracterízanse pola súa simplicidade e rapidez de comprensión. ▼



▲ * As imaxes que coñecemos de antemán son identificadas con moita rapidez. O noso cerebro cando percibe as formas as engade o **concepto** que ten gardado do obxecto. Na ilustración compréndese con rapidez a silueta do corpo humano, a pesar de estar inmersa nunha maraña de formas indefinidas.

* O **cono visual** é o espazo no que os nosos ollos son capaces de percibir obxectos con nitidez; abarca uns 60°; a súa abertura é moito menor que a do **campo visual** que se estende ata os 180° pero cunha visión menos clara. A **liña central** do cono visual exténdese dende o punto de vista ata o obxecto. Nela sitúase a visión máis nítida e con menos distorsión da forma. ▼





◀ * Vista “frontal”. No caso de pezas mecánicas considérase “o fronte” ó sentido natural do traballo.

MICHEL ANJO. Estudo para Sibila Libica. (Xiz vermella sobre papel). Museo Metropolitano de Nueva York. 1511. Detalle



▲ * Vista en “escorzo”. É a representación dos obxectos ou figuras de xeito que as dimensións dos elementos disminúan canto máis alexados estean do punto de vista do espectador.

Esta representación en perspectiva é a máis parecida a como o ollo humano observa a realidade.



GEORGES SEURAT. “Bañándose en Asnières” (Óleo sobre tela) -N. Gallery, Londres. 1884.

◀ * Vista de “perfil”. Con ela representamos o lateral dos elementos.

14



ANTONIO LÓPEZ. “Gran Vía” (Óleo sobre táboa). Colección particular. 1974-81. Detalle.

* Panorámica, punto de vista alexado dos obxectos. Moi axeitada para representacións de conxunto.



* As sensacións procedentes do exterior chegannos a través dos sentidos. Polo tanto, hai tantos tipos de sensacións como sentidos. Cando un dos nosos sentidos falla, os outros intentan suplilo intentando enviar información complementaria.

* Cando no noso interior reunimos toda a información procedente dos sentidos, o cerebro realiza unha construción da situación que lle permita comprender o máis exactamente posible que é o que hai no exterior.

* Como as nosas experiencias e as nosas ideas, as cousas que nos interesan a cada un de nós son distintas o mesmo que a forma en que temos de percibir todo o que nos rodea. A un de nós pode chamarnos moito a atención algo que para moitos outros pasaría desapercibido.

15



Vocabulario

PERCEPCIÓN

Proceso no que o noso cerebro asume de forma consciente as impresións obtidas a través dos sentidos.

SENSACIÓN

Información que nos transmite as cualidades sensibles das cousas.

OBSERVACIÓN

Examinar algo con atención.

COMPRENSIÓN

Capacidade para entender as cousas.